

Autora: **CARMEN MONTALBÁN**

Ilustradora: **PILAR MILLÁN**

Tradución: **LAURA ALMAZÁN**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.


112 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:

-Galego: "Estás na Lúa"  
Seteleguas. ISBN 978-84-8464-673-0

-Castelán: "Estás en la Luna"  
Sieteleguas. ISBN 978-84-96388-47-5

Prezo: 15 €



## ESTÁS NA LÚA

**-A túa avoa perdeu a cabeza -díxome aquel día a tía Fatma, cando volvíñ da escola.**

**Á vez que puña as sandalias, sacudiu o meu coxín e achegoume o prato. Logo saíu. Daba uns pasos tan rápidos, que a area do deserto que levantaba empezou a flotar na miña sopa e a pegarse nos meus dentes.**

**Porque, como é natural, eu tiña a boca aberta. Quería pedirle a tía Fatma que repetise en hassania, o noso idioma, iso de que a miña avoa perdera a cabeza. Tía Fatma a penas sabía español. Era raro que non se equivocase. Diría «cabeza» onde tería que dicir «teteira», por exemplo.**

Baraka é unha nena de doce anos que vive nunha tenda do deserto coa súa nai, as súas tías e a súa avoa Bahía. A enfermidade do Alzheimer comeza a arrincarlle a esta última as súas lembranzas. Ese terrible mal simboliza tamén o esquecemento que se cerne como unha ameaza sobre o seu pobo: expulsados hai máis de 30 anos do Sahara Occidental, habitan na inhospita Hamada arxelina e só os anciáns sinten o baleiro que deixa o desterro da súa patria e o desarraigo; os novos coñécena de oídas porque endexamais a pisaron.

Bahía légalle á súa neta unha herdanza inmaterial de valor incalculable: a súa memoria, un elemento que actúa como fío argumental do relato, ao que se engaden outros aspectos, como a importancia da transmisión oral da cultura, as relacións familiares, a amizade, ou o contraste entre a vida precaria nos campamentos de refuxiados e as comodidades do mundo desenvolvido.

Carmen Montalbán plasma nesta historia a fonda impresión da súa estancia en Tinduf, a fascinación pola paisaxe do deserto, a hospitalidade da súa xente. O resultado, unha obra comprometida no fondo, sensible na forma, didáctica no seu percorrido literario polo mundo, tenra polo vínculo creado entre neta e avoa; un libro que entra polos sentidos, como o té: suave, amargo e doce, como o amor, a vida e a morte.

As acuarelas de Pilar Millán aportan calidez e colorido, transpórtannos ao reino da area, aos seus espazos e costumes; mais tamén ao mundo das emocións, os soños e os símbolos evocadores, como a Lúa.

### **CARMEN MONTALBÁN** (Talarrubias, Badajoz, 1963)

Estudou Educación Infantil na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Badaxoz. Tamén cursou Filoloxía Hispánica na Universidade Complutense de Madrid. Exerceu como profesora de corrección de estilo e colaborou en varias revistas. Foi finalista do Premio Felipe Trigo de Narración Curta. É autora da novela "La casa del manzano" (Libertarias/Prodhufi, 1994). "Estás na Lúa" é a súa primeira obra para público infantil e xuvenil. Dende 1986 reside en Madrid.

### **PILAR MILLÁN (Ferrol, A Coruña, 1962)**

Licenciada en Belas Artes, pintora e ilustradora. Destaca a súa afección polas viaxes, especialmente ao continente africano, onde visitou países como Senegal, Gambia e Togo, que deron lugar a varios cadernos ilustrados. Adica a súa produción artística a exposicións e publicacións; tamén imparte cursos, seminarios e conferencias. Recibiu o Premio Planeta Agostini, o Premio Aitor Urdangarín e o Premio de Ilustración Infantil da Deputación de Badaxoz. Reside entre Cádiz e Barcelona.



- **Temática:** a memoria, a vida no Sahara, a enfermidade (Alzheimer)
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** historia; convivencia lingüística (hassania); cooperación internacional; relacións familiares; multiculturalidade, diferenzas co mundo desenvolvido; a emigración; a morte; as viaxes; páxina da autora, [www.carmenmontalban.net](http://www.carmenmontalban.net)